



Sr. Alcalde do Concello de Paderne
Rúa Consistorio
15314 Paderne
(A Coruña)

Clave: DH.W15.72457

Expediente: Autorización de obras para movemento de terras, colocación de tubos, canalización dende a fonte e sinalización no lugar de Gas parroquia de Souto (Santa María), no concello de Paderne, (A Coruña).

Solicitante: Sonia Chans Torres

Asunto: Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Sonia Chans Torres, para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo período.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non **reclamacións**.

A Coruña, 21 de xullo de 2021

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias (sinatura dixital ao marxe)





SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Sonia Chans Torres, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río da Picha, a autorización de obras, no polígono 2, parcela 685, no lugar de Gas, parroquia de Souto (Santa María), Concello de Paderne (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.72457.

As obras solicitadas consisten no movemento de terras da parcela para un mellor aproveitamento da mesma.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Paderne ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 21 de xullo de 2021

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias (sinatura dixital ao marxe)

